

XXXI COPA DE ESPAÑA DE CLUBS 2ªD GALICIA

Piscina FRIGSA, 25 metros, 6 estaxes
Lugo, 29 e 30 de novembro 2025

INSTRUCCIÓN TÉCNICAS

1.- Horarios das probas

Hora de comezo	Sábado 30	Domingo 1
Sesión de mañá	09:30	09:30
Sesión de tarde	17:00	17:00

2.- Quecementos

Comezarán dúas horas antes do inicio das probas e finalizarán 15 minutos antes.

Utilización de material de adestramento. Durante os quecementos na piscina de competición só se permite a utilización do seguinte material auxiliar: pull-boi e táboa de pes.

Por seguridade **NON se poderán utilizar aletas, palas, gomas de resistencia...** nin se permitirá lanzarse á auga de cabeza.

Saídas de costas: nos últimos 10 minutos do quecemento, colocárase un dispositivo de saída de costas nunha das estaxes laterais para que as persoas deportistas participantes en probas de costas, poidan probalo.

Os nadadores evitarán agarrarse ás placas do crono electrónico e as liñas de boias.

Ó finalizar cada sesión os nadadores terán a piscina á súa disposición durante un período de 30 minutos.

3.- Piscina anexa

A piscina anexa só se permitirán utilizar con fins **exclusivamente deportivos**, non estando permitido ningún tipo de xogo ou similares que perturben o normal desenvolvemento da competición.

Prégase a máxima colaboración para o seu correcto uso.

4.- Acreditación de delegado

A acreditación da persoa delegada de club deberá enviarse por correo electrónico cumprimentado na súa totalidade antes do 29 de novembro.

Tal e como se recolle na circular 25-04 a persoa adestradora así como a delegada acreditadas polo club deberán estar en posesión da súa correspondente licenza federativa para a presente tempada.

5.- Baixas e substitucións

Aceptaranse substitucións de nadadores/as sempre que sexa por nadadores/as previamente inscritos/as na competición. Ditas substitucións poderán realizarse ate **60 minutos antes do inicio de cada sesión**, previa comunicación ao Director de Competición polo delegado/a do club a través do formulario web da baixa

do/da nadador/a do mesmo club inscrito/a na proba.

Os cambios efectuados non modificarán a composición de series, realizando unicamente a substitución do/da nadador/a correspondente.

A ausencia da comunicación regulamentaria de baixa dunha inscrición suporá a baixa automática da persoa en todas aquelas probas que lle resten por nadar nesa sesión (sexan probas individuais ou de remudas).

6.- Remudas

A composición das remudas deberán ser comunicada a través do formulario web ate **60 minutos antes** do comezo de cada sesión coa fin de efectuar as comprobacións necesarias e introducir os datos dos participantes na base de datos.

A FEGAN resérvase o dereito de non publicar os nomes dos nadadores da remuda que non cumpran estas instrucións.

7.- Reclamacións

Segundo o establecido no Regulamento Xeral da FEGAN (Libro IV das competicións), no seu artigo 11.

8.- Comisión de competición

Segundo o establecido no Regulamento Xeral da FEGAN (Libro IV das competicións), no seu artigo 2.

9.- Cámara de saídas

Os nadadores deberán presentarse na cámara de saída 2 series antes antes do inicio da súa proba.

10.- Desenvolvemento da competición

Todas as probas se nadarán polo sistema contra o reloxo.

O horario publicado é estimativo e podería variar debido ás baixas que se poidan producir e en función do desenvolvemento da propia competición.

Nas probas de 800 m e 1500 m libre indicárase o número de longos que restan por percorrer no frontal da piscina e os derradeiros 50 metros sinaláranse con sinal acústica de campá.

Os nadadores evitarán subir por encima das placas abandonando a piscina polas escaleiras laterais tanto nas probas individuais como nas remudas.

11.- Récorde e mellores marcas galegas idades

Anunciaranse por megafonía tódolos récorde e mellores marcas galegas no intre no que se produzan e figurarán nos resultados oficiais.

12.- Resultados no marcador electrónico

Os resultados que aparecen no marcador electrónico non se poderán considerar en ningún caso oficiais até que o xuíz árbitro dea o seu visto bo.

13.- Entrega de trofeos

A entrega de trofeos terá lugar ao remate da competición.

14.- Entrega de resultados

Os resultados serán publicados na páxina web da Federación. Non se entregarán resultados en papel.

15.- Uso da instalación

En todo momento na praia de piscina, tanto en quecementos como durante a propia competición, recoméndase aos integrantes dos clubs o uso de chancletas. Non caso de querer utilizar zapatillas de deporte é recomendable o uso de calzas.